

Veñen tempos duros



Machús Fernández García
Secretaría xeral da
Federación do Ensino
de CCOO de Galicia

REMATAMOS un curso cun balance profundamente negativo no tocante aos indicadores de calidade en todos os niveis educativos dependentes da Consellaría de Educación e comezamos así, falando de niveis de dependencia porque xa pasaron máis de dous anos de mandato popular sen cumprir a promesa de integrar o primeiro ciclo da educación infantil (0-3 anos) no seu ámbito de competencia.

Así mesmo poderíamos referirnos á educación especial, na que lonxe de aproveitar centros, instalacións, cadros de persoal... para configurar unha rede pública adaptada ás necesidades reais do alumnado con NEAE, se están privatizando servizos deixándoos en moitos casos en mans non profesionais.

Asistimos, tamén durante os últimos meses, a unha inflación de documentos, decretos, ordes e regulamentos para lexislar proxectos, moitos deles, só propagandísticos e outros dirixidos ao recorte de servizos, en particular na formación do profesorado, un dos últimos exemplos foi o deterioro, e nalgún caso desmantelamento, dos CFR e a creación dunha estrutura centralizada alonxada da realidade dos centros educativos.

Esta inflación de papel mollado veu acompañada dun déficit extraordinario de atención ás demandas sindicais.

CCOO esforzouse, como é a súa política, en propor medidas de calidade, coherentes, responsables e que non incrementasen o déficit.

A aplicación da xubilación anticipada, o gran número de compañeiros e compañeiras que se acolleron a ela, puido significar un bo concurso de traslados e unha boa e rexue-necedora oferta de emprego público; pero o recorte de pra-

zas foi tan brutal que, unha vez máis, veremos como mingua a calidade dos servizos e a estabilización dos cadros de persoal, agravando o problema do emprego precario.

En resumo, dende o 22 de maio, en virtude da volta electoral nun importante número de concellos e CCAA, asistiremos ao desenvolvemento da folla de ruta dos conservadores en materia educativa seguindo os pasos marcados polos gobernantes autonómicos tan exemplares á hora de planificar a educación pública como Esperanza Aguirre que se ven caracterizando pola privatización sen complexos do servizo público.

Non sería raro, polo tanto, que de agora en adiante asistísemos a procesos privatizadores e desreguladores en novos niveis e perfís como os PCPI, a nova regulación da FP...

Non sería raro, polo tanto, que de agora en adiante asistíramos a procesos privatizadores e desreguladores en novos niveis e perfís como os PCPIs, a nova regulación da FP...

Xa o recolle así o último informe do valedor do pobo, Benigno López, no que se recolle que entre as preocupacións dos galegos destacan os recortes presupuestarios en educación, centrados en dous aspectos: a calidade do ensino e a redución de prestacións. Benigno López insistiu na necesidade de levar a cabo «unha fonda mellora da eficiencia no gasto educativo». Insta, por exemplo, a unha maior flexibilidade nos servizos de comedor e transporte, «que en ocasións a Administración percibe como un gasto excesivo, o que se traduce nunha esaxerada rixidez».

Desde CCOO, entendemos que sen dúbida, haberá que poñer as cautelas e as alertas ben dispostas porque veñen tempos duros.



Visita a páxina web
da Federación do Ensino
de CCOO de Galicia

www.ccooensino.net